

Lingua galega e literatura .

Unidade 4

IES Lamas de Abade
Curso 2024 / 2025

Os textos poéticos

Os textos poéticos buscan transmitir emocións e sentimentos a través dos recursos estilísticos cunha finalidade estética.

-Habitualmente escritos en **verso** (e estes agrupados en **estrofas** e xuntos compoñen o **poema**).

-Algúns deles presentan **ritmo** (exprésase mediante repeticións de sons, palabras...) e **rima** (baséase nos son finais da última palabra de cada verso). Será **consonante** ou **asonante**, mais se non hai falaremos de **verso libre**.



Os textos poéticos

As **estrofas** clasifícanse segundo o número de versos:

- Tercetos
- Cuartetos
- ...



Os textos poéticos


Algúns **recursos formais**:

-Paralelismo

-Aliteración

-Antítese

-Anáfora



Os prexuizos lingüísticos

-Prexuízo: Opinión concibida con anterioridade á experiencia.

Os prexuizos son xeneralizacións que simplifican a realidade. Aplicamos esa característica ao conxunto de persoas que comparten espazo.



Os prexuizos lingüísticos

-Prexuízo lingüístico: Cando valoramos alguén pola súa forma de falar ou pola lingua que emprega.



Os prexuizos lingüísticos

-Prexuízo lingüístico: Cando valoramos alguén pola súa forma de falar ou pola lingua que emprega.



O adxectivo.

- **Definición semántica:** Expresan características e calidades do substantivo ao que acompañan.
- **Definición morfolóxica:** Varía en xénero e número.
- **Definición sintáctica:** Desempeña a función de N da frase adxectiva.

Graos do adxectivo.

Positivo:

Hugo é un neno alegre.

Comparativo:

Jimena é máis faladora ca Lucía.

Superlativo:

Aroa é agradabilísima.

Paula é a máis rexoubeira da clase.



Graos do adxectivo. Conxuncións comparativas

Comparativo de igualdade: tan + adx. + como / coma

Lara é tan traballadora como Henar.

Eimi é tan traballadora coma min.

Comparativo de superioridade: máis + adx. + ca / que / do que

Alejandra é máis traballadora do que cres.

Cristian é máis resistente ca min.

Comparativo de inferioridade: menos + adx. + ca / que / do que

Natalia está menos cansa do que cres.

Hugo está menos canso ca vós.

Adxectivo. Grao comparativo

- Comparativo de igualdade: tan + adx. + como / coma:
- coma + pronome persoal tónico
- como + verbo conxugado
- como / coma + resto de casos
- Comparativo de inferioridade / superioridade: menos / máis + adx. + ca / que / do que:
- ca + pronome persoal tónico
- do que + verbo conxugado
- ca / que + resto de casos

Conectores.

- <https://galafran.files.wordpress.com/2018/10/conectores.pdf>